

NORMATIVA PROVISIONAL **CAMPIONATO GALEGO PREBASE 2023**



DEREITO DE PARTICIPACIÓN:

a.- Teñen acceso a esta competición todas aquelas ximnastas que no ano **2022** non competiron en competición autonómica ou nacional de nivel federado ou en competición nacional de nivel base.

b.- Só unha única ximnasta por conxunto e categoría do mesmo Club inscrita na fase provincial como na final do Campionato de Prebase poderá participar nas dúas modalidades independentemente da categoría: conxunto e individual. Non poderá participar por duplicado nos conxuntos, isto é pertencer a dous conxuntos da mesma ou diferente escola/club.

c.- Na modalidade individual a inscrición non ten límite de ximnastas por Club para as fases provinciais. O pase a fase final para CONXUNTOS será aberta e para **INDIVIDUAL estará limitada a seguinte proporción de ximnastas por categoría e provincia:**

1-9 ximnastas: 3 primeiras clasificadas
--

10 ou mais ximnastas: 5 primeiras clasificadas

d.- Haberá competición en dúas fases por provincia. Na 1ª Fase obterase unha clasificación e entregaráselle medallas aos 3 primeiros clasificados por categoría, na 2ª Fase obterase una clasificación que sumará a da primeira fase e obterase a clasificación final provincial, entregaranse medallas e trofeos os 3 primeiros clasificados provinciais.

e.- Para acceder a Fase final do Cpto. é obrigatoria a inscrición e participación na fase provincial.

f.- O número de ximnastas mínimo para o conxunto é de catro e o máximo é de oito ximnastas. Isto é, os conxuntos poderán formarse con 4, 5, 6, 7, ou 8 ximnastas.

g.- Un mesmo club non pode presentar o mesmo exercicio dúas veces, aínda que cambien as ximnastas.

h.- Permítese as músicas cantadas en individual e conxuntos. ¡¡**Nota:** os clubes que teñan previsto participar no Nacional Base deben revisar a Normativa Nacional **2023!!**

i.- As ximnastas individuais ou pertencentes os conxuntos que se clasifiquen nos últimos postos de cada categoría, en función do 30% de cada categoría, e sempre que non acadaran podium poderán optar a competir na tempada seguinte (**2024**) no Cpto. Galego de Promoción ou seguir en Prebase. *Exemplo: se hai 13 conxuntos en cat. Infantil poderán baixar a Promoción os 4 últimos postos da cat. Infantil.* Tamén poden optar a descender a Promoción en **2024** os conxuntos de Prebase **2023** que só competiron nas fases provinciais pero non na Fase Final.

j.- Permítese a participación de ata dúas ximnastas dunha categoría inmediatamente inferior nunha superior para formar conxunto. Exemplo: *ata 2 ximnastas alevíns poderían formar conxunto de categoría infantil.* ¡¡ **Nota:** na normativa Nacional de Base Conxuntos esto non está permitido!!

IDADES DAS XIMNASTAS MODALIDADE CONXUNTO

- **Categoría Prebenxamín:** ximnastas nadas en **2015, 2016**
- **Categoría Benxamín:** ximnastas nadas en **2014, 2015**
- **Categoría Alevín:** ximnastas nadas en **2012, 2013, 2014**
- **Categoría Infantil:** ximnastas nadas en **2010, 2011, 2012**
- **Categoría Cadete:** ximnastas nadas en **2008, 2009, 2010**
- **Categoría Xuvenil:** ximnastas nadas en **2008 e anteriores**

IDADES DAS XIMNASTAS MODALIDADE INDIVIDUAL

- **Categoría Prebenxamín:** ximnastas nadas en **2015**
- **Categoría Benxamín:** ximnastas nadas en **2014**
- **Categoría Alevín:** ximnastas nadas en **2012, 2013**
- **Categoría Infantil:** ximnastas nadas en **2010, 2011**
- **Categoría Cadete:** ximnastas nadas en **2008, 2009**
- **Categoría Xuvenil:** ximnastas nadas en **2007 e anteriores**

DURACIÓN DAS MÚSICAS

<u>CATEGORÍA</u>	<u>INDIVIDUAL</u>	<u>CONXUNTO</u>
Prebenxamín	1,15 – 1,30”	1,45 – 2,00”
Benxamín	1,15 – 1,30”	1,45 – 2,00”
Alevín	1,15 – 1,30”	1,45 – 2,00”
Infantil	1,15 – 1,30”	2,15 – 2,30”
Cadete	1,15 – 1,30”	2,15 – 2,30”
Xuvenil	1,15 – 1,30”	2,15 – 2,30”

APARATOS

<u>CATEGORÍA</u>	<u>INDIVIDUAL</u>	<u>CONXUNTO</u>
Prebenxamín	ML	ML
Benxamín	ML	ML
Alevín	CORDA ou ARO	CORDAS
Infantil	ARO ou MAZAS	AROS
Cadete	CINTA ou ARO	CINTA e PELOTA (mínimo 50% de cada, menos da metade máis unha cinta)
Xuvenil	PELOTA ou CINTA	PELOTA e CINTA (mínimo 50% de cada, menos da metade máis unha pelota)

**ESIXENCIAS TÉCNICAS E APARATOS: EXERCICIOS CONXUNTO
VER NORMATIVA CPTO. NACIONAL BASE CONXUNTOS 2023 – RFEG**

**ESIXENCIAS TÉCNICAS E APARATOS: EXERCICIOS INDIVIDUAL
VER NORMATIVA COPA ESPAÑA BASE INDIVIDUAL 2023 - RFEG**

*****OLLO: OS CLUBES QUE TEÑAN PREVISTO LEVAR CONXUNTOS O NACIONAL DE BASE
REVISEN A NORMATIVA NACIONAL 2023.**